

## OS CURSOS DE LINGUA PARA ADULTOS: ¿UNHA EXPERIENCIA CADUCA?

*Xoán Carlos Fraga Celeiro*

Burela

### 1. INTRODUCCIÓN

A existencia de cursos de lingua galega de maneira oficial comezou no ano 1983, ano no que a Dirección Xeral de Política Lingüística principiou a os convocar, polo que xa hai unha experiencia de 13 anos. Debido a que a nosa lingua non entrou na escola oficial, no mellor dos casos, ata 1978/79, e cun número de horas lectivas baixo, a necesidade dos cursos era maior que no caso dunha lingua normalizada. Así pois, estes cursos eran e son dobremente necesarios, xa que deben contribuír a dous aspectos:

- a) Alfabetizar unha boa proporción de poboación adulta galegofalante, pero que nunca ou poucas veces escribiron ou leron na lingua que falaban. Así mesmo, tamén teñen que alfabetizar outros adultos non galegofalantes, pero que o entenden maioritariamente.
- b) Corrixir actitudes lingüísticas de menosprezo da lingua galega. Esta corrección non era nin é menos importante que a alfabetización, senón tanto ou máis.

Non somos nós quen para saber se se están cumprindo o máis correctamente posible estes dous obxectivos. O que si podemos ofrecer, a partir da breve experiencia en seis cursos de lingua para adultos, é unha serie de datos e propostas sobre algúns aspectos didácticos.

### 2. PROFESOR E ALUMNADO

En primeiro lugar, parécenos oportuno indicar que o profesor de lingua galega debe ser un licenciado na especialidade de filoloxía galega. As habilitacións de mestres doutros estudos universitarios poderían ser comprendidas noutras épocas, mais non na actuali-

dade, xa que o número de licenciados en filoloxía galega no desemprego supera o de cursos impartidos anualmente.

Con respecto ao alumnado, un problema que aparece frecuentemente nos cursos de lingua é o da heteroxeneidade. Referímonos principalmente ao diferente nivel de estudos; así, moitas veces uns alumnos teñen estudos básicos, outros medios e algúns universitarios. Este diferente nivel de estudos pode ofrecer algunha dificultade á hora de realizarse exercicios, pois non todos acaban a un mesmo tempo.

O perfil do alumnado destes cursos varía dependendo do lugar onde se realiza. No noso caso, en seis cursos celebrados nas localidades de Santiago, Palmeiro (Xove), Ribadeo e Burela, encontramos dúas constantes. Así, os alumnos acostuman ter entre vinte e corenta anos, e hai unha proporción de 1 home por cada 4,5 mulleres. Varían máis os estudos e profesións, xa que no caso de Palmeiro (Xove) predominaba un alumnado cos estudos primarios e que traballaban como amas de casa. Polo contrario, en Santiago, Ribadeo e Burela, hai un 10% de alumnos con estudos primarios, un 60% con estudos medios e un 30% con universitarios. Nestas tres vilas as profesións son variadas: hai profesores, funcionarios, amas de casa, desempregados e estudantes. No caso de Burela, cabe resaltar que o 50% do alumnado estaban no desemprego.

### 3. HORAS LECTIVAS E RECURSOS

Os cursos de galego organizados pola D.X.P.L. teñen unha duración de 75 horas, das que 60 son lectivas e as 15 restantes son para realizaren os alumnos traballos na casa. Pensamos que o número de horas lectivas debería incrementarse ata 40 máis para que fosen cursos máis completos e os obxectivos iniciais puidesen conseguirse com maior facilidade.

Por parte dos centros nos que se dan estes cursos varían os recursos materiais, pero sempre hai un local con mesas, cadeiras, encerado e xices. Ás veces, ofértase a posibilidade de usar vídeo e magnetófono. Cabe indicar que un maior uso de recursos ben empregados vai en beneficio dunha maior calidade do ensino. Por este motivo, unha pluralidade de recursos futura sería unha boa medida.

### 4. PROGRAMA OFICIAL

Os cursos de iniciación e perfeccionamento da lingua galega, convocados pola Dirección Xeral de Política Lingüística, na actualidade seguen o programa oficial que aparece no D.O.G. do 18 de abril de 1989. A continuación, analizamos moi brevemente cada un deles.

#### 4.1. Iniciación

Primeiramente observamos 16 temas aparecendo en cada un dous apartados: un gramatical e outro lexical. O primeiro fundaméntase case na totalidade na morfoloxía da gramática galega, aparecendo tratadas as diferentes clases de palabras (artigo, posesivo, pronomes persoais, numerais, indefinidos, demostrativos, verbos e adverbios). Neste apartado tamén apreciamos algunha noción fonética (en concreto, o timbre das vocais medias) e algunha outra sintáctica.

O apartado lexical trata cuestións de uso habitual na vida cotiá, como por exemplo: expresión da identidade e lugar de nacemento, o tempo atmosférico, os oficios, a comida, a cociña, a cidade, os nomes de parentesco, a roupa, as cores, o enderezo, o diálogo por teléfono, vocabulario referente ao corpo humano, a praza de abastos, a flora e a fauna, os xentilicios, etc.

Despois, ademais deste 16 temas, aparece un programa de contidos específicos para amas de casa, asociacións e colectivos de veciños. Este inclúe o emprego de contos populares e adiviñas, instancias, cartas, menús, recordatorios, xogos, necrolóxicas, solicitudes, flora e fauna, e algúns outros.

A Orde da Consellería de Educación e O.U. que convoca estes cursos (coa data do 18-abril-89) distribúe o uso de 45 horas para o estudio das estruturas morfosintácticas, 15 horas para as actividades específicas dos diversos colectivos, e outras 15 para actividades prácticas (sendo non lectivas estas 15 últimas).

En resumo, as 3/4 partes do tempo lectivo usarase para aprender as estruturas morfosintácticas da nosa lingua. Non aparece en ningunha orde a metodoloxía que usará o profesor, e en xeral, este emprega a que cre máis conveniente. Tradicionalmente o estudio da lingua identificouse co estudio da gramática desa lingua, e esta aínda parece ser a “invitación” que ofrece a orde que rexe os cursos. Pensamos que os cursos de lingua (de calquera lingua) non se deben centrar no seu estudio gramatical, quedando este relegado a un segundo plano, e o que se debe realizar é unha aprendizaxe natural da lingua. Isto é, cremos pouco productivo o ensino tradicional baseado total ou case totalmente na explicación de aspectos gramaticais e na realización de exercicios sobre estes; e parécenos máis enriquecedor un ensino baseado na audición e produción de textos ou manifestacións tanto orais como escritas.

#### 4.2. Perfeccionamento

Neste programa aparecen 10 temas cun apartado gramatical e outro lexical. Ambos os dous apartados volven a tratar basicamente os aspectos morfosintácticos e lexicais do curso de Iniciación, aínda que dunha maneira máis profunda.

O programa complementario de contidos específicos para amas de casa, asociacións culturais e colectivos de veciños segue o esquema do Curso de Iniciación, aparecendo agora o emprego de lendas e expresións, o currículo, a carta comercial, receitas de cociña, anuncios para o xornal, etc.

Con respecto a este programa, véxase o dito para o Curso de Iniciación.

### 5.1. Introducción

Hai un ensino tradicional, que nós non recomendamos para estes cursos, que se basea en ofrecer unha serie de cuestións teóricas sobre morfoloxía (por exemplo, o artigo e as súas dúas formas) e en realizar, a seguir, unha serie de exercicios consistentes en encher ocos de diversas oracións inconexas (por exemplo, usando a segunda forma do artigo). Este tipo de ensino acaba creando na maioría do alumnado cansazo e escaso interese polo estudio desa lingua.

Por outra banda, hai un ensino pragmático que ofrece mellores resultados. Neste o alumno debe RECIBIR e ELABORAR composicións ORAIS e ESCRITAS, xa que é nelas onde se usan todas as clases de palabra da lingua de estudio, evitando conceptos teóricos gramaticais que no alumnado en xeral crean desinterese total pola lingua. Tamén se procurará que tales composicións ofrezan algunha utilidade para o alumnado.

### 5.2. Proposta concreta

Consideramos que o programa debe dividirse en 3 partes:

- a) Lingua oral. Todas as persoas aprendemos a nosa lingua materna escoitando e falando. Logo, esta idea tan sinxela e válida é a que se debe empregar para aprender ou perfeccionarse en calquera lingua. A escoita activa de mensaxes orais por parte doutras persoas (alumnado, profesor e outros) e a posta en práctica do uso da lingua por parte do alumno constitúen o mellor método de aprendizaxe lingüística. Sempre se buscará na clase un clima no que se valore o intento de falar galego por parte de quen nunca o fixo ou deixou de facelo.
- b) Lingua escrita. Xa dixemos que a gramática debe quedar relegada a un segundo plano. No primeiro estará a elaboración, por parte do alumnado, de diferentes textos escritos (redaccións, descrições, cartas, resumos, etc.).
- c) Lectura. Sabemos que é moi útil o uso da lectura como complemento para a aprendizaxe lingüística. Os textos lidos deben ser variados (literarios, prensa, cartas, anuncios, informes médicos ou notariais, etc.). Ademais, consideramos idóneo a lectura de, como mínimo, un ou dous libros. É moi recomendable que tal lectura comece a realizarse na clase sendo o profesor o guía, pois sempre hai alumnos que len (ou leron) pouco ou nada en galego. Unha vez lida en voz alta, por parte dos alumnos e alumnas e alternadamente, unha parte do libro, o profesor decidirá se se segue lendo na clase a totalidade ou só parcialmente, unha vez superados posibles erros (como por exemplo o de ler “come-lo caldo” con pausa entre a forma verbal e o artigo).

### 5.3. Actividades

Imos ofrecer algunhas actividades para levar a cabo a proposta de ensino que indicamos. Sabemos que é difícil dar “chaves mestras” das mellores actividades, e non é isto o que nós pretendemos; e cremos que moitas veces é a experiencia quen nos vai dando habi-

lidades para saber se é máis oportuna unha ou outra actividade. Por outra banda, tampouco pretendemos ser orixinais nas actividades presentadas. Vexamos algunhas.

### 5.3.1. Actividades orais

5.3.1.1. Presentación. Esta actividade serve para romper o xeo e coñecérmolos, o cal xa non é pouco. Contribúe a saber algo dos máis e ver puntos en común de diversas persoas. Tal presentación é rotativa e nela cada persoa di o nome, a profesión e unha afección.

5.3.1.2. Lista de libros. O profesor mándalles aos alumnos que fagan a lista de libros en galego que teñen na casa. De ser superior a 15 ou 20, é mellor que seleccionen 10 (a ser posible, os que máis lle gusten ou aquel/es dos que queiran dicir algo). O día da actividade cada alumno fará o seguinte:

- a) Ler a súa lista (título e autor).
- b) Indicar a persoa que o comprou e por qué motivo (para a escola, por iniciativa propia, foi un regalo, etc.).
- c) Sinalar cal/es leu, e aquel que máis lle gustou e por qué razón (pode contar un pouco do argumento ou algo que recorde del).

5.3.1.3. Debate de actitudes.

Primeiramente, cada alumno indica:

- a) A súa lingua materna.
- b) A lingua que lle transmiten aos fillos.
- c) Se hai cambio lingüístico da lingua que recibiron e da que transmiten, ¿a que llo atribúen?

O profesor será un simple notario que pode ir anotando o máis importante e non valorando as respostas. Acabada a rolda ábrese un debate no que cada quen pode facer aos outros preguntas ou aclaracións. No noso caso, neste debate de actitudes adoitan aparecer moitos prexuízos e, ao seu lado, moitas valoracións positivas sobre a nosa lingua, se ben algunhas delas non deixan de ser contradictorias. Tamén queremos indicar que a corrección de actitudes negativas cara á lingua é un dos aspectos máis difíciles de mudar, a pesar de que non estean xustificadas ou as súas xustificacións sexan erróneas. De todas as maneiras, é mellor non discutir, senón indicar cada un o seu punto de vista respectando o dos máis.

Neste debate os alumnos experimentan unha importante aprendizaxe. Para mostralo, imos relatar unha breve anécdota: Nun dos cursos que impartimos unha alumna estrañouse de que houbese outro que estaba casado cunha muller non galega, e que neste matrimonio el se expresa en galego e ela en castelán. Desde logo, neste caso non cabía a posibilidade do prexuízo tan frecuente entre os galegos: “Se alguén me fala en castelán, eu corresponderei en tal lingua POR EDUCACIÓN”. E, realmente, non cansamos de dicilo nos cursos, a educación pode ser moita se a un castelanfalante que nos entende lle falamos na nosa lingua; mesmo, estámollle ensinando outra lingua de non saber expresarse nela, o cal non nos parece que sexa “pouco educado”, senón todo o contrario.

5.3.1.4. Debate: “Igualdade de dereitos de homes e mulleres”

Cada persoa responde a 2 preguntas, e logo ábrese un debate. As preguntas son:

- a) ¿Hai igualdade de dereitos na educación, no traballo e na vida social?
- b) ¿Van educados de igual maneira rapaces e rapazas?

#### 5.3.1.5. Acto cun artista do pobo ou da zona.

Pode darse a posibilidade de coñecer un artista (escritor, músico, etc.) do pobo, e de que poida vir un día dar unha pequena charla á clase. O achegamento de escritores a lectores parécenos unha das actividades máis interesantes e productivas para todos. Non se trata dunha charla moi informal, pero tampouco dunha conferencia. Nela podemos preguntarlle ao convidado ou convidada:

- a) Algúns datos biográficos (lugar de nacemento, a escola, a infancia, a xuventude).
- b) Aspectos lingüísticos (lingua materna, motivo polo que escribe en galego...).
- c) Obra artística (Se fora un escritor podería preguntárselle polas súas publicacións, polos seus autores favoritos...).

En resumo, máis que unha conferencia preparada, sería unha especie de charla con preguntas que incluso poden realizar os propios alumnos.

Outra actividade conectada con esta, aínda que escrita, é a elaboración por parte do alumnado dunha nota de prensa. Así, tal charla co escritor ou escritora (que pode ser aberta ao público non asistente ao curso) aparece nos xornais e poderá lerse na clase. Tamén nos fixaremos como mandamos a nota de prensa en galego, e a lingua na que nola publican é case sempre o castelán.

5.3.1.6. Todo debate, charla ou comentarios de interese para os alumnos é útil (festas, historia do lugar ou doutros, comidas, tradicións, etc.). Procuraranse buscar temas, por parte do profesor e do alumnado, nos que todos ou todas teñan algo que dicir.

#### 5.3.2. Actividades escritas.

5.3.2.1. Redacción sobre “O meu pobo”. Realízase na clase, o profesor corríxeas na casa e elabora unha lista dos erros máis frecuentes (a cal será levada ao encerado e comentada). Posteriormente, cada alumno le a súa redacción.

5.3.2.2. Lembranzas. Moitas veces levamos o libro *Contos por palabras* de A. Fernández Paz, mostrámolo, falamos un pouco do autor e do libro, e a continuación lemos unha serie de lembranzas do autor que aparecen ao final de dito libro. Logo, cada alumna ou alumno elabora dúas lembranzas da súa infancia ou vida. Finalmente, lense todas corrixindo erros se os houbese.

5.3.2.3. Pé de foto. O profesor leva 4 ou 5 fotografías grandes (poden ser recortes de revistas, pósteres, fotos de calendarios) e cada alumno ou alumna porá un pé de foto, unha frase, adecuada. Logo, móstrase a primeira fotografía e lense as frases, logo a segunda e así sucesivamente.

5.3.2.4. Historia breve, na que se responde a cinco cuestións. Convén primeiramente dar un exemplo. As cuestións poden ser:

- a) ¿Como se coñeceron el e ela?
- b) ¿Onde se coñeceron?

- c) ¿Que lle dixo el?
- d) ¿Que lle dixo ela?
- e) ¿Cal foi o resultado?

Nesta historia breve deben estar diferenciados os cinco parágrafos. Tras elaborala coa axuda do profesor ou dos compañeiros, lerase en voz alta. Unha variante moi productiva é a de ler primeiramente algunhas historias feitas usando os parágrafos que van do un ao cinco de cinco persoas diferentes. Os resultados son ás veces moi chocantes, o que propicia un bo clima na clase. Finalmente, cada alumno le a súa historia.

5.3.2.5. Elaboración dun dictado. Dá bo resultado facelo dun libro que leva o mestre, que ensina ao alumnado e do que fala un pouco. Se alguén da clase o leu, tamén pode dar a súa opinión.

5.3.2.6. Recollida dun conto popular (na casa ou na veciñanza). A recollida de calquera texto aos nosos familiares ou amigos parécenos interesante principalmente por dous motivos:

- a) Potencia a comunicación familiar. Parécenos máis importante falar cos nosos pais, avós, irmáns, etc. que ver a televisión excesivamente e/ou sen criterio, como ocorre desgraciadamente con bastante frecuencia na sociedade occidental.
- b) A lingua galega das persoas de máis idade adoita ser máis pura, de aí tamén o seu interese.

5.3.2.7. Elaboración dun resumo dun texto. Para isto darase unha estratexia. Nun resumo habitualmente hai catro datos principais que responden as preguntas ¿quen?, ¿que?, ¿cando? e ¿onde? (base da estratexia)

5.3.2.8. Escribir unha carta a un amigo. Convén levar un modelo que se lerá na clase e do que se comentará a estrutura. Nun dos cursos as alumnas e alumnos escribíronlle unhas cartas ficticias a X. Neira Vilas, pois xa se lera *Memorias dun neno labrego* e sabíase algo do autor. Algunhas das cartas parecían mostrar, a pesar da súa ficción, unha amizade total co autor de Gres. Este libro é de especial interese pola súa riqueza lexical, pura, e que se aproveita aínda moito máis se hai alumnado de ámbito rural que coñece palabras do libro.

5.3.2.9. A frase imposible. Nalgún curso, tras dar un exemplo, cada alumna e alumno elaboraba unha frase imposible de suceder na realidade. Logo líanse, corríxanse se tiñan algún erro, e ademais, riase moito, o que crea bo clima para futuras actividades.

5.3.2.10. Redacción: “O meu animal favorito”. O alumnado coñece sempre algúns animais e ten coñecementos sobre eles, motivo polo cal non lle resulta difícil crear unha redacción sobre este tema. Pódense dar unhas indicacións –só informativas– para tal creación. Así pódese tratar:

- a) Descrición física.
- b) Comportamento.
- c) Anécdotas persoais co animal descrito.

5.3.2.11. Elaboración dunha revista a partir da selección de composicións escritas ao longo do curso. Se hai interese por parte do alumnado, non leva moito tempo que seleccionen algúns escritos elaborados durante o curso. Despois fotocópiase e déixaselles un

exemplar a cada un. É unha especie de memoria.

### 5.3.3. *Lectura*

A lectura en voz alta na clase parécenos unha actividade que non pode deixar de se realizar nun curso de lingua. A lectura rotativa por parte dos alumnos e alumnas, e a diario ou con bastante frecuencia, fai mellorar a pouca práctica lectora que habitualmente observamos nos adultos galegos. Nunha ocasión díxonos unha alumna: “–!Que difícil é ler o galego!”. Nós dixémoslle : “–¿E les moito en galego?”. Contestou: “Non, a verdade é que non leo case nada”. “Pois entón, o problema non é do galego, senón da pouca práctica que hai de ler”. Quedou convencida (ou iso deu a entender) e, de paso, traballouse o prexuízo de que “o galego é difícil de ler”.

Non queremos que se lea por rutina, nin con desgana nin en exceso. Ler uns 20 ou 25 minutos parécenos suficiente por un día, aínda que dar indicacións temporais é relativo, pois nalgúns ocasións é interesante o que se le e obsérvase expectación por parte dos asistentes ao curso. Nestes casos, pódese estender algúns minutos máis.

Para a escolla dun libro de lectura hai que ter en conta a competencia lingüística do alumnado. Nós obtivemos moi bos resultados con *A nosa cinza*, cun léxico de uso común, unha historia amena e múltiples anécdotas que causan riso.

### 5.3.4. *Outras actividades*

5.3.4.1. Asistencia ao teatro. Unha boa idea da Dirección Xeral de Política Lingüística é a sinatura dun convenio co Centro Dramático Galego e o IGAEM para lles dar descontos nas entradas para alumnos e alumnas destes cursos. Esta é habitualmente unha actividade fóra de horas lectivas, pero que por iso non deixa de ter interese. Así, na clase pódese falar sobre o teatro galego, a obra de teatro que se vai representar, e tras ir pódense intercambiar opinións sobre a propia obra (argumento, personaxes, actores, música, roupaxes, etc.).

5.3.4.2. Música. Hai varios discos con letra de autores galegos (A. Prada, Uxía, Manuela e Miguel, etc.). Levar algunha vez música á clase é outra actividade de boa acollida. Así, pódense levar as letras fotocopiadas, lelas, explicar o significado de palabras que non se entenden, e logo oír a canción. Despois, por exemplo pódese falar sobre a interpretación.

5.3.4.3. Levar libros á clase e falar deles. Esta actividade é mellor realizala ao longo de varios días e non nun día falar de moitos. Ofrece a posibilidade de que o alumnado coñeza diferentes autores/as galegos/as, de que poidan interesarse pola lectura dalgún deles e de que haxa ás veces opinións de persoas que xa os leran.

## 6. AVALIACIÓN

Con respecto a esta, hai o erro tradicional de avaliar os coñecementos do alumnado a través dunha única proba, final e escrita.



Actualmente, sábese que é máis obxectivo valorar varias probas realizadas ao longo do curso, ter en conta o punto de partida e o resultado final, e valorar tanto os coñecementos escritos coma os orais.

Tamén hai que avaliar a metodoloxía empregada, as actividades realizadas e os acertos e erros do profesor ou profesora. Toda esta avaliación pode servir para corraxir aspectos pouco productivos e repetir outros positivos.

A continuación, ofrecemos unha proba que NON debe realizarse para avaliar os coñecementos finais do alumnado dun curso de lingua galega. Vexámola :

1. Traducción castelán-galego.
2. Pór H, B e V (os diferentes ao castelán) nas palabras seguintes.
3. Pór tiles en frases.
4. Escribe en letra as cifras.
5. Forma o feminino dos seguintes nomes.
6. Forma o plural das seguintes palabras.
7. Poñer en plural as frases seguintes.
8. Forma o comparativo.
9. Coloca correctamente o pronome.
10. Escribe as formas verbais que correspondan.
11. Textos en galego con erros.

O exercicio 1 parécenos incorrecto para aprender galego en Galicia. Este tipo de probas crean unha dependencia da nosa lingua con respecto ao castelán. Para aprender ou perfeccionar un idioma débense ler e escribir textos nel. As traducións parécennos exercicios secundarios, ademais de que estas adoitan calcar moito a lingua do texto do que se parte (isto é, acostuman ser literais). Por tanto, sabemos que é moito máis didáctica a creación propia de textos en galego, ou ben, a resposta a preguntas para saber se se entende un texto dado.

O exercicio 2 parécenos pouco apropiado para unha proba pois con el vólvese a ensinar galego a partir do castelán, tratando a nosa lingua como estranxeira. Nesta proba aparecen a maioría das palabras que se diferencian ortograficamente do castelán e que non son moitas. Pero, o feito de apareceren tantas nun exercicio pode chegar a crear a conciencia de que o galego é moi diferente do castelán ortograficamente, o cal está moi lonxe da realidade.

O exercicio 3 non nos parece tampouco indicado, porque nel incídese nun aspecto ortográfico que debería aparecer implicitamente ao longo de todo o escrito polo alumno na proba.

Con respecto aos exercicios 4-10, cabe indicar que todos son puramente morfolóxicos (a excepción do noveno), e neles aparecen palabras ou frases inconexas ás que hai que modificar en xénero, número, etc. Tampouco non queremos menosprezar estes aspectos, pero coñecemos outros métodos para avalialos máis obxectivamente. Verémolo na nosa proposta de proba (non final, necesariamente).

O exercicio 11 arrastra as persoas pouco acostumadas a ler e escribir no noso idioma –moi frecuente nestes cursos– a fixarse nesos erros e volver a cometelos. É unha das probas máis contraproducentes para aprender unha lingua.

En resumo, os aspectos máis pobres deste exame son:

- A dependencia do galego con respecto ao castelán.
- A falta de elaboración dalgún texto por parte do alumno ou alumna.
- Exceso da importancia dos aspectos ortográfico e morfolóxico, e defecto moi grave pola ausencia de sintaxe (sobre todo no referido á creación propia).

Nós facemos a seguinte proposta de proba (escrita) :

1. Texto e preguntas de comprensión.
2. Resume o texto en catro liñas (aproximadamente).
3. Escribe o nome de 5 animais domésticos cos seus correspondentes femininos.
4. Unha pregunta (fácil) sobre Sociolingüística.
5. Dá a túa opinión sobre os incendios forestais (ou un tema de actualidade).
6. Dictado.
7. Caracteriza o/a protagonista dun libro lido na clase.

O exercicio 1 ten por obxectivo saber se realmente se entende o que se di no texto e, ademais, obriga a empregar a lingua galega con frases (aspecto este que non aparecía na proba anteriormente criticada). Así, sabemos como se expresa por escrito o alumno, e observamos aspectos ortográficos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos.

O exercicio 2, ademais de servir para practicar a lingua escrita, vale para comprobar se se aprendeu a resumir, a ser conciso.

No exercicio 3 trabállase un aspecto lexical básico de fácil elaboración.

Os exercicios 4, 5 e 7 volven a incidir no uso da lingua a través dun tema concreto. Aquí, valórase a expresión lingüística (léxico, morfosintaxe, ortografía), a claridade (redundancias, confusións, etc.) e outras capacidades como a crítica ou a creativa.

## 7. CONCLUSIÓN

Ao longo desta comunicación non respondemos directamente a pregunta que aparece no seu título, isto é, se os cursos de lingua son ou non unha experiencia caduca. Mais, polo que fomos argumentando, cremos que se pode deducir facilmente.

Toda lingua necesita que se estudie e potencie, especialmente na sociedade occidental, na que os cambios sociais e lingüísticos son rápidos, grandes e con tendencia á creación dunha monocultura. Sabemos da sabedoría da natureza ao crear unha biodiversidade natural e lingüística. O empobrecemento de tal biodiversidade lévanos a unha perda de personalidade e hipocrísia tales que a vida pode chegar a se converter máis nun “medo á opinión dos máis” que noutra máis sa e respectuosa con nós mesmos, os nosos antepasados e as demais persoas. Por tanto, a ecoloxía lingüística (igual que a medioambiental) é moi necesaria para que o ser humano viva dunha forma acorde coa natureza, non doutra programada por intereses alleos.

Polo que respecta á lingua galega, cremos que o seu estado actual (non normal) fai que os cursos de lingua sexan moi necesarios, e que na súa estratexia didáctica deban estar presentes estes dous aspectos:

a) A gramática é un dos instrumentos estratéxicos, non un fin. Débese incidir na expresión oral, na lectura e na escritura dunha maneira activa.

b) O traballo de actitudes ten que estar moi presente todos os días. Actualmente estanse a perder unha cantidade de galegofalantes enorme, sobre todo nas novas xeracións; e aínda que as valoracións lingüísticas con respecto á nosa lingua non son tan negativas como o foron noutros tempos, tal perda non se explica se é que aínda non hai prexuízos. Ademais, sabemos da existencia destes, da súa ausencia de fundamento, e pensamos que os cursos de lingua deben contribuír a os corrixir.

### BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- Costa Casas, X. e outros, *Actividades de expresión oral e escrita*, A Coruña, Ed. Bahía, 1990.  
Fernández Paz, A. e outros, *Animación á lectura*, Vigo, Xerais, 1991.  
Fernández Paz, A., *Ler en galego. I*. Vigo, Ir Indo, 1990.  
García Teijeiro, A., *Disfrutar escribindo*, Vigo, Galaxia, 1990.  
Medrano, C. L., *50 xogos de lingua*, Vigo, Xerais, 1994.  
Mouriño Cagide, X., *Curso de técnicas de expresión escrita*, Perillo-Oleiros (A Coruña), Ed. Tambre, 1995.  
Rodari, G., *Gramática da fantasía*, Lisboa, Ed. Caminho, 1993.

## Anexo 1: EXAME QUE NON DEBE REALIZARSE

1. Traduce á lingua galega as seguintes frases:

- Te agradezco que hayas puesto tu cargo a mi disposición.
- A Juan le han encargado una labor fácil: ir a recoger los análisis de sangre.
- Me han dicho que su padre miente a menudo.
- La lección que explicó ayer el maestro me la sé de memoria.
- Voy a llamar a ese señor ahora mismo.

2. Pon H, B ou V ás palabras que lles correspondan:

- |          |           |          |
|----------|-----------|----------|
| A_ó      | _irmán    | _enrique |
| Tro_ador | Ri_eira   | Mó_il    |
| _oda     | _asoira   | _arrer   |
| _armonía | Automó_il | Po_o     |

3. Pon os tiles que cumbran nas seguintes frases:

- Onte vin unha pola pola pola daquela arbore.
- A nos non nos dixeron que te foras de vacacions.
- Anxela dixolle a Pedro que xa fora fora para lles botar de comer aos animais.
- Luis ten vintetres anos mais que Pedro.
- Meu avo ten unha uña do pe longuísima.

4. Escribe en letra as seguintes cifras:

- |       |     |           |
|-------|-----|-----------|
| 16    | 37  | 139       |
| 20    | 42  | 32        |
| 8.432 | 387 | 1.987.567 |

5. Forma o feminino dos seguintes nomes:

- |          |          |        |
|----------|----------|--------|
| Avó      | Urbano   | Alemán |
| Boi      | Langrán  | Rei    |
| Ferrolán | folgazán | Xenro  |

6. Pon en plural as seguintes palabras:

- |         |         |        |
|---------|---------|--------|
| Español | Rapaz   | iraquí |
| Martes  | Ollomol | Animal |
| Mozo    | Fácil   | Xampú  |
| Mel     | Canción | Cadril |

7. Pon en plural as frases seguintes:

- ¿Preguntácheslle ao neno cando ten o exame?
- Non era lugués, que era israelí.
- Vouche dar un libro que levo comigo.
- O garda civil foi moi respectuoso co detido.

8. Pon as formas do comparativo que correspondan en cada caso, tendo en conta que pode haber máis de unha posibilidade:

- O castiñeiro é \_\_\_\_\_ grande \_\_\_\_\_ o carballo.
- Luís é \_\_\_\_\_ alto \_\_\_\_\_ min.
- Teño \_\_\_\_\_ cartos \_\_\_\_\_ teu pai.
- Estes zapatos son \_\_\_\_\_ anchos \_\_\_\_\_ aqueles.

9. Coloca correctamente o pronome indicado nas seguintes frases:

- a) ¿Quen \_\_\_\_\_ dixo \_\_\_\_\_ iso? (CHE)
- b) Eu \_\_\_\_\_ fixen \_\_\_\_\_ porque \_\_\_\_\_ apeteceu \_\_\_\_\_. (O) (ME).
- c) Xa \_\_\_\_\_ parecía \_\_\_\_\_ a min que non ías vir (ME).
- d) Os pais \_\_\_\_\_ dixeron \_\_\_\_\_ aos fillos (LLELO).
- e) \_\_\_\_\_ parece \_\_\_\_\_ que túa nai vai na tenda (ME).

10. Escribe as formas verbais que correspondan:

- a) Primeira persoa de singular do presente de indicativo do verbo traducir.
- b) Primeira persoa de plural do pretérito perfecto de indicativo do verbo comer.
- c) Terceira persoa de singular do pluscuamperfecto de indicativo do verbo andar.
- d) Primeira persoa de singular do presente de subjuntivo do verbo ver.

11. Corrixe os erros que aparecen no seguinte texto:

(Preferimos non poñer un texto con erros porque nos parece moi antipedagóxico. Serían erros como castelanismos, hipergaleguismos, vulgarismos, arcaísmos e lusismos).

## Anexo 2: PROPOSTA DE PROBA (ESCRITA)

1. Calaron un chisco. Eu seguín a cavilar no pantrigo e no queixo. E na sorte de Miguel. A meu pai non lle cocía o corpo deixar todo aquilo sin aclarar e dixo que a xente moza rabeaba por andar mundo e ilustrarse, e foi cando o padriño ceibou outro predicamento dos seus, dicindo que o máis malo era que fose a mocidade a que se vai. E que ogallá se tratase dunha tolemia de vellos, porque os vellos dan perda, pero vaise a xente que traballa e o país está cheo de vellos e nenos. Tamén dixo que eso de ilustrarse eran contos de feira, pois moitos dos que emigran, cando se van son persoas que teñen bo xuízo para entender e razoar moitas cousas e que despois se volven monifates. Contou que cambian a fala trocándoa por unha requinaeterna que nin eles entenden. O padriño fixo a comparanza dun merlo nunha gaiola. Disque podemos mantelo á nosa maneira e facerlle asobiar o “tiroliro”, pero non se afai. Un día ríspase para o monte e no monte é un alleo, un merlo botado a perder. !Eso do merlo si que estivo pavero!

Meu pai dixo que se a xente non marchase, aquí non se cabería.

–A xente ben cabe –respondeulle o padriño. O país está sen explotar. Se da noite para a mañá non deixasen saír a ninguén, fariamos unha revolución que é o que cómpre, e todos viviríamos como se merece, sen andar esmiñatando en terras alleas.

Seguiron a fiando o peteiro. Cada quen coas súas razóns. Eu marchei para a eira. Aquela conversa non me chistaba. Entendín algunhas cousas. As máis delas, non. Lerios para homes de barba. O padriño guindaba berros abrouxantes. Meu pai case non podía meter baza. E todo porque eu dixera que iría para América cando fose grande. O que son as cousas. Faime lembrar o lume. Un misto pequeniño pode queimar un palleiro ou unha zanca.

X. NEIRA VILAS, *Memorias dun neno labrego*

- a) ¿Que personaxe está a favor da emigración? ¿Por que?
  - b) ¿Quen está en contra da emigración e por que?
  - c) ¿Que significa no texto “Seguiron a fiando o peteiro”?
  - d) ¿Cal foi a causa da discusión que aparece no texto?
  - e) ¿Cres que a emigración pode ser, hoxe en día, unha boa solución para o desemprego?
2. Resume o texto en catro liñas (aproximadamente)
  3. Escribe o nome de cinco animais domésticos cos seus correspondentes femininos.
  4. ¿Cales cres que son as causas de que a lingua galega estea perdendo falantes nas xeracións máis novas?
  5. Dá a túa opinión sobre os incendios forestais.
  6. Dictado.
  7. Caracteriza o/a protagonista dun libro lido na clase.